

## **Resolución do 14 de decembro de 2023 da Dirección Xeral de Formación Profesional pola que se convoca o programa Aulas de emprendemento na Formación Profesional no ano 2024, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU**

O emprendemento constitúe un pilar fundamental para impulsar o progreso, a innovación e o desenvolvemento económico e social, xa que aporta solucións innovadoras para desafíos existentes, nutre a competencia e diversidade nos mercados, e contribúe á transformación continua dos sectores produtivos.

A Formación Profesional desempeña un papel crucial no fomento do emprendemento ao dotar ás persoas de habilidades prácticas, coñecementos especializados e ferramentas esenciais para transformar ideas en proxectos tanxibles. Ademais, a Formación Profesional promove a cultura emprendedora no seu alumnado ao estimular a creatividade, a resolución de problemas e unha xestión eficaz de recursos.

No Plan de Modernización da Formación Profesional do *Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deporte* propónse unha conversión da Formación Profesional a través de varios pasos, entre eles a incorporación da dixitalización, a innovación e o emprendemento no sistema de Formación Profesional. Con esta finalidade, as actuacións centraranse en varios ámbitos estratéxicos, entre os que se atopan a posta en funcionamento de aulas de emprendemento en centros nos que se impartan ensinanzas de Formación Profesional.

A Lei Orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de Ordenación e Integración da Formación Profesional establece que o sistema de Formación Profesional incluírá a orientación e ou apoio ao emprendemento, actividades de fomento da cultura emprendedora, do sentido da iniciativa e a capacidade de iniciar novos proxectos empresariais, favorecendo a creación de empresas. Promoverase, ademais, a creación e o funcionamento de aulas de emprendemento nos centros de Formación profesional, xeradoras de viveiros de empresas, como recurso e apoio aberto á contorna.

O Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional, establece que as administracións públicas impulsarán a implementación gradual de aulas de emprendemento nos centros do Sistema de Formación Profesional. Ademais, promoverán proxectos en colaboración con entidades e organismos vinculados ao desenvolvemento do territorio para apoiar ás persoas en formación e tituladas recentes na creación da súa propia empresa, facilitando a información e soporte necesario e o uso de espazos e materiais do centro de formación.

A Estratexia de Formación Profesional Galicia 2030 ten como un dos seus principios inspiradores a colaboración público-privada, destacando dentro dos seus eixos a innovación, a dixitalización, e o emprendemento, e establecendo obxectivos claros como son o impulso da innovación aplicada na Formación Profesional, o desenvolvemento de iniciativas de emprendemento en colaboración co tecido produtivo galego e o apoio ás iniciativas emprendedoras nos centros de Formación Profesional.

Nesta estratexia enmárcase o Plan Conecta FP Galicia, que ten entre os seus obxectivos intensificar a colaboración público-privada coa finalidade de deseñar e planificar unha oferta de formación profesional que responda á rápida evolución do sector produtivo e á necesidade de formar profesionais capacitación adecuada para facer fronte ao importante relevo xeracional que se está a producir.

O Plan Innova FP Galicia, aprobado polo Consello da Xunta o 23 de marzo de 2023, contempla unha serie de actuacións destinadas a impulsar a innovación, a investigación aplicada e o emprendemento na Formación Profesional galega. Un dos seus aspectos



clave é o fortalecemento da colaboración co tecido produtivo galego co obxectivo de fomentar a innovación e o emprendemento industrial na Formación Profesional.

O Plan de emprendemento no sistema educativo de Galicia, eduemprende, constitúese como o marco de fomento do espírito emprendedor no sistema educativo de Galicia, e establece a estratexia de fomento da cultura emprendedora que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades transmitirá á comunidade educativa para impulsar a creación de riqueza e postos de traballo, fortalecendo o tecido produtivo e unha maior oferta de servizos e produtos para a sociedade e os consumidores. O obxectivo global deste plan é lograr un avance sensible na cultura do emprendemento no noso alumnado e propor instrumentos que permitan coñecer os logros alcanzados.

A actuación de Aulas de Emprendemento na Formación Profesional enmárcase na colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o *Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deporte* dentro do *Plan de Modernización de la Formación Profesional* a través da compoñente 20 – *Plan Estratégico de Impulso de la Formación Profesional*– do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR).

Esta actuación ten asignado o campo de intervención 016 – *Desarrollo de capacidades para la especialización inteligente, la transición industrial, la iniciativa empresarial y la adaptabilidad de las empresas al cambio* – que conta cun 0% de coeficiente para o cálculo da axuda aos obxectivos climáticos, un 0% de coeficiente para o cálculo da axuda aos obxectivos ambientais e un 40% de coeficiente para o cálculo da axuda á transición dixital, de conformidade co anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia.

Por todo o exposto anteriormente e coa finalidade de seguir avanzando na promoción da cultura emprendedora, esta Dirección Xeral,

RESOLVE:

### Artigo 1. Obxecto

Esta resolución ten por obxecto convocar o programa Aulas de emprendemento na Formación Profesional e establecer as bases de participación durante ano 2024.

As aulas seleccionadas nesta convocatoria pasarán a formar parte da Rede de aulas de emprendemento, que ten os seguintes obxectivos:

1. Coordinar a actividade emprendedora nos seus respectivos centros educativos.
2. Potenciar desde as ensinanzas de Formación Profesional os proxectos de creación de pequenas e medianas empresas, facilitando espazos e colaboración para o apoio de iniciativas emprendedoras.
3. Promover o emprendemento como marca do alumnado de Formación Profesional, capaz de contribuír á xeración de valor nas empresas.
4. Promover o emprendemento social entre o alumnado de Formación Profesional.
5. Ofrecer un marco de traballo colaborativo e de difusión de actividades e iniciativas para todos os centros educativos con aula de emprendemento.
6. Facilitar a formación necesaria en materia de emprendemento ao profesorado e ao alumnado de Formación Profesional.



7. Celebrar diferentes actividades de emprendemento destinadas ao alumnado de Formación Profesional.
8. Promover relacións con institucións, empresas ou outras entidades colaboradoras que participen en iniciativas emprendedoras.

## Artigo 2. Destinatarios

Poderán participar nesta convocatoria os centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que durante o curso 2023/24 impartan ensinanzas de Formación Profesional.

## Artigo 3. Definición do programa

O programa Aulas de emprendemento na Formación Profesional ten como obxectivo a creación dunha Rede de aulas de emprendemento para o desenvolvemento de actividades de emprendemento nos centros educativos públicos que impartan ensinanzas de Formación Profesional.

Estas aulas pretenden canalizar as iniciativas emprendedoras do alumnado do centro educativo, así como dos egresados, mediante un sistema de orientación, guía e tutela das ideas emprendedoras que eles mesmos achegan, así como a participación en proxectos con outras entidades e organizacións.

Trátase, polo tanto, dun soporte organizativo, técnico e de infraestruturas nas fases iniciais dos proxectos emprendedores para crear un marco de fomento e desenvolvemento de *startups*.

Nestas aulas levaranse a cabo accións formativas, de asesoramento, e de desenvolvemento dos estudos e informes previos á posta en marcha de proxectos empresariais.

No caso de que un proxecto alcanzase un nivel de madurez suficiente para a súa posta en marcha e requirise dun espazo para o seu desenvolvemento, desde a aula faranse as xestións necesarias para a súa integración nun viveiro da Rede galega de viveiros de empresa en centros educativos.

Para o desenvolvemento de ditas actuacións as aulas de emprendemento na Formación Profesional terán en conta os seguintes aspectos:

- As actividades formativas focalizaranse no desenvolvemento das habilidades e competencias que fomenten o espírito emprendedor no alumnado: habilidades persoais, sociais, de relación, de comunicación, de definición de produto, de desenvolvemento de prototipos, de propostas, etc.
- As actividades deberanse integrar na programación e planificación anual de actividades do centro educativo e, polo tanto, deberán contar coa implicación dos distintos departamentos do mesmo.

## Artigo 4. Documentación

1. Para participar nesta convocatoria será necesario que o centro educativo presente a seguinte documentación:
  - Instancia de solicitude (Anexo I).



- Descrición do proxecto de creación proxecto de aula de emprendemento na Formación Profesional, segundo as epígrafes do Anexo II. A extensión máxima será de 20 páxinas, en formato DIN A4, letra Xunta Sans tamaño 12 e entreliñado sinxelo. Os proxectos deberán estar redactados en galego.
2. Os Centros Integrados de Formación Profesional e os centros pertencentes á Rede galega de viveiros de empresas en centros educativos non deberán presentar solicitude na presente convocatoria, dado que xa se atopan integrados na Rede de aulas de emprendemento na Formación Profesional.
  3. Un/unha docente do centro solicitante asumirá as funcións de coordinador/a da aula de emprendemento, co fin de asegurar o contacto e a comunicación regular coa Consellería, promover unha colaboración eficaz e facilitar a distribución e realización do traballo en equipo. A persoa coordinadora disporá no seu horario de como mínimo tres horas semanais de dedicación ao desenvolvemento das actividades da aula.

### Artigo 5. Prazo e forma de presentación

1. O prazo de presentación de solicitudes será de 30 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (<http://www.edu.xunta.gal>).
2. As solicitudes dirixiranse á Dirección Xeral de Formación Profesional e presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén ningún sistema electrónico específico nin ningún modelo electrónico normalizado (código PR004A). Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>). Xunto coa solicitude achegaranse tanto o Anexo I como o Anexo II.

Ademais, remitirase copia da solicitude e da documentación ao correo electrónico [solicitudes.eduemprende@edu.xunta.gal](mailto:solicitudes.eduemprende@edu.xunta.gal) nos prazos establecidos para a presentación.

3. Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes publicarase na páxina web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (<http://www.edu.xunta.gal>) a listaxe provisional de centros presentados a esta convocatoria, con indicación das solicitudes admitidas e excluídas, xunto cos motivos de exclusión.

Os centros educativos disporán dun prazo de 10 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación desta listaxe, para presentar reclamacións, emendar erros ou completar a documentación da súa solicitude. De non facelo, daranse por desistidos da súa solicitude.

### Artigo 6. Comisión de selección

1. A comisión de selección estará integrada polos seguintes membros:
  - A subdirectora xeral de Innovación Profesional e Coordinación co Sistema Produtivo ou persoa en quen delegue, que actuará como presidenta.



- Tres vogais con categoría de subdirector/a xeral, xefe/a de servizo ou asesor/a da Dirección Xeral de Formación Profesional.
  - Unha persoa asesora da Subdirección Xeral de Innovación Profesional e Coordinación co Sistema Produtivo, que actuará como secretario/a con voz pero sen voto.
2. A comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica especializada só para os efectos de colaborar na valoración dos aspectos técnicos que se lle encomenden.

### Artigo 7. Criterios de valoración

A valoración dos proxectos axustarase aos seguintes criterios:

1. O impacto das actividades na aprendizaxe integral do alumnado, traballando o sentido de iniciativa e espírito emprendedor, implicando e motivando ao alumnado e analizando a experiencia emprendedora entre o alumnado, docente/s e centro educativo (50 puntos).
2. A integración de novas formulacións na práctica docente para mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe referido á integración da cultura emprendedora no centro educativo, valorando os recursos didácticos empregados e a aplicación nova e orixinal na práctica docente (30 puntos).
3. A viabilidade das actividades propostas e a adecuación das mesmas aos prazos de execución establecidos (20 puntos).

### Artigo 8. Resolución

1. Unha vez rematado o prazo de emenda, a comisión de selección avaliará os proxectos admitidos no procedemento, segundo os criterios establecidos no artigo 7, e realizará unha proposta de resolución que elevará á directora xeral de Formación Profesional, quen ditará resolución. A resolución de proxectos seleccionados publicarase na páxina web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (<http://www.edu.xunta.gal>).
2. Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### Artigo 9. Dotación orzamentaria

1. O importe total destinado para esta convocatoria será de 500.000,00 € (cincocentos mil euros) con cargo á aplicación orzamentaria 10.07.422M.640.20 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, dos orzamentos de 2024. Destes, 165.000,00 € (cento sesenta e cinco mil euros) serán destinados a financiar as 33 aulas de emprendemento dos Centros Integrados de Formación Profesional e dos centros da Rede galega de viveiros de empresas en centros educativos, mentres que 335.000,00 € (trescentos trinta e cinco mil euros) destinaranse á creación de 67 novas aulas de emprendemento na Formación Profesional.



2. O gasto que se proxecta está condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos do exercicio do ano 2024, en trámite parlamentario. Esta resolución tramítase ao abeiro da Orde do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto.
3. Esta actuación inclúese no *Plan de Modernización de la Formación Profesional* e está enmarcada na *compoñente 20 – Plan Estratégico de Impulso de la Formación Profesional–* do *Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia*, financiada polo *Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deporte* e pola Unión Europea - *NextGenerationEU*.

### Artigo 10. Pagamento

1. Os centros seleccionados recibirán unha achega económica de 5.000,00 € (cinco mil euros) por aula de emprendemento. Este importe será transferido ao centro educativo nun pago único, no período correspondente ao exercicio económico 2024.
2. Os gastos terán que estar executados e pagados na súa totalidade antes do 13 de decembro de 2024.

### Artigo 11. Desenvolvemento e xustificación

1. O proxecto de aula de emprendemento deberá executarse durante o ano 2024.
2. Os centros educativos deberán remitir á Dirección Xeral de Formación Profesional antes do 20 de decembro de 2024, a memoria final do proxecto coas epígrafes que se indican no Anexo III, asinada polo/a director/a do centro.

Para a súa entrega habilitarase un espazo de coordinación do programa na Plataforma de Teleformación de Galicia (PLATEGA).

3. A non entrega da memoria final do proxecto no prazo indicado poderá ser causa de revogación das cantidades asignadas, debendo proceder ao reintegro da cantidade percibida, sen prexuízo das responsabilidades que se lle poidan exixir.

### Artigo 12. Gastos elixibles

Considéranse elixibles os seguintes gastos:

1. Formación do profesorado responsable da aula e a súa mobilidade, estritamente asociada a aula de emprendemento.
2. Gastos derivados das accións e proxectos de emprendemento postos en marcha polo centro ou en colaboración con outras organizacións.
3. Gastos directos en bens e servizos, tramitados mediante externalizacións, que poidan vincularse inequivocamente coa actuación. Non serán elixibles os gastos de inmovilizado nin de bens inventariables.
4. Gastos relacionados coa información e difusión desta actuación.

Entre as actividades que se veñen desenvolvendo nos centros educativos e que se poden financiar a través desta actuación están as seguintes:

- Xornadas de emprendemento para o alumando do centro (sensibilización, encontros con empresarios...).



- Formación relacionada co emprendemento.
- Formación en *soft skills* para o alumnado.
- Presentación e defensa de ideas de negocio do alumnado.
- Asesoramento especializado de proxectos e iniciativas do alumnado que desexe emprender (estudos de viabilidade, informes técnicos, etc.)
- Ferramentas de apoio a proxectos de emprendemento.
- Elaboración de materiais didácticos relacionados co emprendemento.
- Visitas aos viveiros da Rede Galega de viveiros de empresa en centros educativos, a empresas ou outras entidades no marco de actividades de emprendemento desenvoltas na aula, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

### Artigo 13. Obrigas dos centros educativos

Os centros beneficiarios comprométense a:

1. Desenvolver todas as actuacións incluídas no proxecto no prazo establecido.
2. Colaborar nas accións de difusión e publicación das experiencias que se organicen, así como á cesión a favor da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades dos dereitos de edición e difusión.
3. Participar nos programas de emprendemento postos en marcha pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
4. Cumprir coas obrigacións de información, comunicación e visibilidade derivadas da financiación deste programa no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, que se indican a continuación:
  - As publicacións impresas ou electrónicas e notificacións feitas por calquera medio conterán o logo institucional do *Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deporte*, o logo da Unión Europea co lema Unión Europea – NextGenerationEU, o logo do PRTR e unha declaración de financiación que indique “financiado polo *Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deporte* e pola Unión Europea – NextGenerationEU”.
  - As actuacións de comunicación, convocatoria, publicidade, resolución e notificación derivadas da achega do Estado a este programa cumprirán os requisitos de publicidade, segundo os cales en todas as actuacións que se deriven dos instrumentos contractuais ou convencionais realizados con calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada, inserirase a imaxe institucional, que ha de incluír sempre o Escudo de España e a denominación do Ministerio, tal como se establece no Real Decreto 1465/1999, do 17 de setembro, polo que se establecen criterios de imaxe institucional e régúlase a produción documental e o material impreso da Administración Xeral do Estado e, na Resolución do 21 de setembro de 2021, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se actualiza o Manual de Imaxe Institucional, adaptándoo á nova estrutura de departamentos ministeriais da Administración Xeral do Estado.
  - Establecerase un mecanismo de identificación das facturas ou documentos orixinais do gasto (mediante selo ou outro medio similar) de forma que figure a súa condición de “gasto financiado polo *Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deporte* e pola Unión Europea- NextGenerationEU”.



- Así mesmo, deberase incluír unha placa publicitaria que cumpra cos requisitos de publicidade citados nos parágrafos anteriores e que indique que se trata dunha actuación financiada polo *Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deporte* no marco do Plan de Modernización da Formación Profesional - Creación de Aulas de Emprendemento na Formación Profesional.
- 5. Garantir o respecto ao principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente (principio DNSH polas súas siglas en inglés, «*Do No Significant Harm*») e o etiquetado climático e dixital, de acordo co previsto no Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR), aprobado polo Consello de Ministros o 27 de abril de 2021 e polo Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia.
- 6. Asegurar a regularidade do gasto subxacente e a adopción de medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar e corrixir a fraude e a corrupción, previr o conflito de intereses e o dobre financiamento.
- 7. Cumprimentar unha declaración responsable de ausencia de conflito de intereses (DACI) en todos os procedementos de adjudicación de contratos, conforme ao modelo establecido na Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. A DACI deberá estar asinada por todas as persoas intervinientes no procedemento de adjudicación.

#### Artigo 14. Certificación

A persoa coordinadora da aula de emprendemento recibirá unha certificación de actividade de innovación educativa cunha equivalencia de 12 horas de formación permanente do profesorado.

#### Artigo 15. Datos de carácter persoal

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia - Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos do seu expediente persoal.
2. Co fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia como son os diarios oficiais, páxinas web e os taboleiros de anuncios.
3. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explícita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.
4. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos.





## Artigo 16. Control e loita contra a fraude

1. O centros beneficiarios someteranse ás actuacións de control que realice a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para o seguimento dos proxectos aprobados e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e de control do destino das axudas.
2. Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación cos proxectos financiados con cargo a fondos procedentes da Unión Europea, como é o caso, poderá pór os ditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención Xeral da Administración do Estado por medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto na web:  
<https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx>
3. Así mesmo, a Xunta de Galicia ten a disposición da cidadanía un canal de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude a través do Sistema integrado de atención á cidadanía (SIACI):  
[https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langId=es\\_ES](https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langId=es_ES)
4. A detección de irregularidades pode implicar a aplicación de correccións financeiras e a solicitude de devolución dos importes percibidos indebidamente, tal como se establece no Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o mecanismo, e na *Orden HFP/1030/2021, del 29 de septiembre, por la que se configura el sistema de gestión del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia*.
5. No control e loita contra a fraude a Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades actuará de conformidade co establecido no seu plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude aprobado o 18 de febreiro de 2022.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

M<sup>a</sup> Eugenia Pérez Fernández

A directora xeral de Formación Profesional

